

## **Bases- Sorteo Fotográfico Tradicións do Entroido 2025**

### **Obxecto**

La Región convoca un certame fotográfico que reflexa as mellores tradicións do Entroido. Entregaranse premios ás mellores fotografías orixinais de lectores que retraten a tradición do Entroido.

A participación neste concurso supón:

- aceptación plena de todas as cláusulas contidas nestas bases.
- A autorización, por parte do autor da fotografía, para publicar a citada fotografía tanto na edición impresa como nos medios dixitais que La Región considere oportuno, podendo incluso citar os seus datos persoais, así como o seu lugar de residencia.
- A autorización para incluír os datos persoais do concursante nunha Base de Datos, propiedade de La Región, para futuras comunicacións da marca. Non obstante, os interesados poderán, en calquera momento, exercer os dereitos de acceso, rectificación ou supresión dos datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a súa portabilidade, previstos no Regulamento xeral de protección de datos 2016/679 (RGPD), mediante comunicación escrita e achegando fotocopia do seu DNI.

### **Duración e alcance**

As fotografías recibidas dende o sábado 8 de febreiro ata o mércores 5 de marzo de 2025 ás 12:00 horas. As fotografías recibidas despois desa data quedarán excluídas do sorteo. A Comunidade resérvase o dereito de suspender, aprazar ou cancelar o concurso en calquera momento antes da súa finalización, sempre que concorran causas que o xustifiquen. Tamén pode ampliar o prazo se o considera oportuno. Así mesmo, La Región resérvase o dereito a impedir que neste concurso se establezan sistemas de especulación ou empresariais, ou participación fraudulenta. Para tal fin, poderá emprender as accións legais que considere oportunas.

## **Mecánica do Concurso**

- As fotografías deberán referirse á temática do concurso: Tradicións do Entroido.
- Para participar no sorteo é necesario escanear o código QR do anuncio, acceder á páxina web a través de [pressclub.laregion.es/concursos](http://pressclub.laregion.es/concursos) ou ás redes sociais de La Región.
- Cubrir o formulario de participación e subir unha fotografía
- As fotografías gañadoras elixiranse do seguinte xeito:
  - O equipo de marketing de La Región escollerá as 25 fotografías que mellor retraten as tradicións do Entroido de Ourense entre todas as fotografías presentadas no referido prazo.
  - Participarán todas as fotos recibidas dende o sábado 8 de febreiro ata o 5 de marzo.
  - As fotografías gañadoras publicaranse no especial La Región del Entroido o xoves 6 de marzo. Ademais, exporanse nunha galería fotográfica da páxina web.
  - Non se admitirán as fotografías recibidas por calquera outro medio distinto ao especificado e aquelas que non cumpran os requisitos mínimos de participación.

## **Límites e autorizacións:**

---

- Non poderán participar no sorteo os empregados da La Región así como os cónxuxes, ascendentes, descendentes e demais parentes consanguíneos ou de afinidade ata o 2do grao (inclusive) dos anteriores.
- O premio será entregado ao gañador previa presentación do DNI. La Región comunicarlle ao gañador por correo electrónico (enviado ao enderezo facilitado ó cubrir o formulario) a forma de recoller o seu premio.
- Se o gañador é menor de idade ou incapacitado, será necesario o consentimento dos seus pais ou titores para aceptar o premio.

- As fotografías pasarán a ser propiedade de La Región, que poderá utilizalas para calquera finalidade.
- La Región, non ten a obriga de enviar os premios ás casas dos gañadores, debendo estes acudir a recoller o premio en caso de resultar gañadores.

### **Descrición dos premios**

Os participantes gañadores recibirán unha das 25 cestas de produtos galegos, valorada en 104,80 €.

Os nomes dos gañadores daranse a coñecer o xoves 6 de marzo de 2025 a través das páxinas do propio xornal, e os gañadores serán contactados a partir dese día para coordinar a cerimonia de entrega.

### **Transferencia de dereitos**

A aceptación do premio supón a cesión gratuíta a favor da La Región do dereito de reprodución da fotografía por parte do autor; dereito do que fará uso a La Región de acordo coa normativa vixente na materia